

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 25 DE MAIO DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se declara de utilidade pública a reestruturación parcelaria da zona de Friolfe (O Páramo - Lugo).

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se autoriza que os pagamentos á conta e anticipados poidan superar o 80 % do conxunto dos pagamentos e a exención de garantías, e que os pagamentos anticipados poidan acadar ata un 60 % da subvención total concedida, das axudas destinadas ao apoio de entidades que superaron os limiares mínimos do Programa NEOTEC e NEOTEC Mulleres Emprendedoras do Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e a Innovación E.P.E. (CDTI) nas súas convocatorias do ano 2022, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (Programa Recuperación Excelencia Neotec), por importe de tres millóns de euros (3.000.000,00€).
- Acordo polo que se toma razón da addenda ao convenio asinado o 11/04/2022 entre a Axencia Galega de Innovación (GAIN), o Instituto Galego de Promoción económica (IGAPE), a Sociedad Xestora de Entidades de Inversión de tipo cerrado, S.A.U. (XESGALICIA), e a Fundación CEL Iniciativas por Lugo, para a continuación da Aeronautics Business Factory - Bfaero na súa cuarta e quinta edición.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Camposancos para o proxecto de abastecemento de auga ao pico San Francisco no Monte de Santa Trega - A Guarda, por importe total de trescentos cincuenta e nove mil novecentos sesenta e catro euros con sesenta e tres céntimos (359.964,63€).
- Acordo polo que se autoriza a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para establecer pagamentos anticipados de ata un máximo do 80 % do importe das subvencións que se concedan ao abeiro da orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a federacións deportivas de Galicia para o desenvolvemento do Plan Corresponsables a través da realización de actividades de animación sociodeportiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023, por importe de dous millóns setecentos setenta e tres mil noventa e cinco euros (2.773.095,00 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se toma razón das axudas a entidades locais de Galicia, para o desenvolvemento do proxecto PIMA Cambio Climático para a realización de accións de mitigación e adaptación ao cambio climático, por un importe total de setecentos sesenta e nove mil trescentos setenta e nove euros con corenta e tres céntimos (769.379,43€).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual por parte da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e da Axencia Galega de Innovación da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, en relación coas axudas para completar a etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, por un importe total de dous millóns catrocentos vinte e seis mil cincocentos euros (2.426.500,00€).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de equipamentos para bombas de insulina e de sistemas de monitorización de glucosa mediante sensores con destino ás áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde por un importe total de trinta e dous millóns catrocentos setenta e catro mil cento corenta euros con once céntimos (32.474.140,11 €) e un valor estimado de setenta e nove millóns setecentos nove mil douscentos cincuenta e dous euros con oitenta e cinco céntimos (79.709.252,85 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva e por prezo unitario de todos os consumibles necesarios para a realización das determinacións analíticas nos laboratorios da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, por importe de trinta e catro millóns cincuenta e oito mil trescentos cincuenta euros con oitenta e catro céntimos (34.058.350,84 €) e un valor estimado de corenta millóns oitocentos trece mil seiscentos noventa e sete euros con corenta e cinco céntimos (40.813.697,45 €).
- Acordo polo que se aproba o Plan Inspira Saúde en Galicia 2023-2027, plan galego de actuación multidisciplinar en tabaquismo.

INFORMES

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Informe sobre prezos públicos correspondentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial para o curso 2023/24.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o novo programa para a remuda xeracional do persoal facultativo das institucións hospitalarias do Servizo Galego de Saúde.
- Informe sobre o contrato de obra de reforma e ampliación da área de urxencias do Hospital Virxe da Xunqueira en Cee.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA UNHA NOVA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA NO PÁRAMO QUE REORGANIZARÁ 933 HECTÁREAS DE TERREO

- O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto da Consellería do Medio Rural que inicia este proceso, que beneficiará 211 propietarios
- Así, entre os anos 2021 e o que levamos de 2023, decretáronse xa 29 novas concentracións parcelarias, incluída a de hoxe, que abarcan case 24.000 hectáreas e máis de 111.500 parcelas de máis de 16.300 titulares
- A Xunta rematou entre o ano 2020 e 2022 un total de 27 parcelarias, que abranguen unha superficie total de preto de 19.000 hectáreas, beneficiando algo máis de 13.200 propietarios que recibiron case 29.300 títulos de propiedade
- As parcelarias son unha ferramenta fundamental para paliar o minifundismo presente na nosa comunidade, desde o punto de vista da estrutura da propiedade

O Consello da Xunta aprobou na súa xuntanza semanal un novo decreto da Consellería do Medio Rural polo que se declara de utilidade pública a concentración parcelaria de Friolfe, no concello lucense do Páramo. Deste xeito, reorganizárase unha superficie de 933 hectáreas repartidas en 1.618 parcelas propiedade de 211 veciños.

Así, cómpre indicar que este novo decreto de concentración parcelaria se declara mediante a Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (Metaga), que busca aumentar a base territorial das explotacións e reducir considerablemente os seus custos de produción. De feito, o municipio do Páramo sitúase na comarca de Sarria, que destaca pola importancia do seu sector primario cunha importante implantación de explotacións gandeiras.

Así, entre os anos 2021 e o que levamos de 2023, decretáronse -coa de hoxe- 29 novas concentracións parcelarias en Galicia, que abarcan case 24.000 hectáreas e máis de 111.500 parcelas de máis de 16.300 titulares. Cabe sinalar que, con estes decretos, a Xunta cumpre o seu compromiso de decretar unha nova concentración parcelaria por cada proceso finalizado. Desta forma, conséguese loitar contra o abandono das terras, anticiparse aos incendios forestais e fixar poboación no medio rural que permita facer rendible a actividade produtiva co aumento da base territorial das explotacións.

Ademais, cabe engadir que entre o ano 2020 e o 2022, a Xunta rematou un total de 27 concentracións parcelarias, que abranguen unha superficie total de preto de 19.000 hectáreas, beneficiando algo máis de 13.200 propietarios que recibiron case 29.300 títulos de propiedade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Lei de recuperación

As concentracións parcelarias son unha ferramenta fundamental para paliar o minifundismo presente na nosa comunidade, desde o punto de vista da estrutura da propiedade. Por iso, a Xunta seguirá impulsando estes procesos da man da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, que veu complementar e desenvolver o marco legal actual, para culminar un camiño iniciado pola Lei da mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (Metaga).

Así, na nova lei apóstase, ademais, por mecanismos de mobilización voluntarios que permitan unha maior participación dos interesados na explotación das terras, como son os polígonos agroforestais, as agrupacións de xestión conxunta da terra, as aldeas modelo ou as permutas de especial interese agrario, entre outras. Desta forma, estase a mellorar a estrutura territorial das explotacións agrogandeiras e forestais galegas, favorecendo a súa rendibilidade.

De feito, desde a entrada en vigor da Lei de recuperación -hai dous anos- arredor de 10.000 hectáreas de terreo están sendo obxecto de desenvolvemento dun instrumento de recuperación de terra agraria, correspondentes a 21 polígonos agroforestais, a 21 aldeas modelo e a permutas voluntarias no concello de Friol, na provincia de Lugo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSARÁ CON 3 M€ UNHA DECENA DE PROXECTOS DE EMPRESAS INNOVADORAS GALEGAS E STARTUPS QUE SE TRASLADEN A GALICIA

- A Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación lanza a terceira edición do programa de apoio a plans de negocio de empresas tecnolóxicas de recente creación que prevén a comercialización de produtos innovadores
- Os proxectos seleccionaranse entre aquelas iniciativas avaliadas positivamente polo programa Neotec do CDTI e que non resultasen beneficiarias por insuficiencia de crédito deste organismo estatal
- As axudas cobren todas as actuacións dos plans de negocio destas compañías entre os anos 2023 e 2025 e poderán financiar ata o 85 % do orzamento da actuación, cun importe máximo de 325.000 euros de axuda por beneficiario

A Xunta de Galicia impulsará con tres millóns de euros unha decena de proxectos de pequenas empresas innovadoras galegas e de startups que se trasladen a Galicia. Tal e como se aprobou hoxe no Consello, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación lanzará nas próximas semanas a terceira edición do programa de apoio a plans de negocio de compañías tecnolóxicas de recente creación que prevén a comercialización de produtos e servizos cun claro compoñente innovador.

Estes proxectos intensivos no uso de tecnoloxías ou coñecementos desenvolto a partir da actividade investigadora seleccionaranse entre aquelas iniciativas avaliadas positivamente polo programa Neotec do Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e a Innovación (CDTI) e que non resultaron beneficiarias por insuficiencia de crédito do dito organismo estatal.

Poderán concorrer a este programa da Axencia Galega de Innovación tanto emprendedores galegos como pequenas empresas que trasladen a súa sede fiscal, social e centro de traballo a Galicia, co obxectivo de converter a comunidade en referente á hora de escalar e crecer startups de base tecnolóxica. Do mesmo xeito, esta iniciativa contribúe ao fortalecemento do emprendemento innovador e acelera a transferencia de coñecemento ao mercado desde organismos de investigación públicos e universidades.

Neste sentido, cómpre sinalar que o programa Neotec do CDTI é unha oportunidade para a consolidación das compañías creadas ao abeiro da convocatoria do Ignicia, impulsado en colaboración coa Fundación Barrié. Na convocatoria de 2022, catro spin-offs deste programa foron beneficiarias: Celtarys Research, Liberabio, Ancora Mobile e Indestia. A través do programa da Axencia Galega de Innovación, garántese que as

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

compañías que non obteñan financiamento do organismo estatal poidan crecer e desenvolver as súas iniciativas.

As axudas autonómicas cubrirán todas as actuacións dos plans de negocio das compañías durante os próximos tres anos (2023-2025) e poderán financiar ata o 85 % do orzamento da actuación, cun importe máximo de apoios de 325.000 euros por beneficiario.

A iniciativa enmárcase tanto na Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia como na Axenda Starups da Xunta de Galicia, que busca facilitar a creación, consolidación e implantación deste tipo de iniciativas en Galicia a través dun marco de incentivos económicos, ao mesmo tempo que contribúe á creación dun ecosistema favorable para o seu desenvolvemento.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AIRBUS, AVINCIS E TELESPAPIO COLABORAN COA XUNTA NA QUINTA EDICIÓN DA BUSINESS FACTORY AERO, CUXA CONVOCATORIA SE ABRE MAÑÁ VENRES

- Enmárcase dentro do Polo Aeroespacial de Galicia e seleccionaranse en total 11 proxectos emprendedores, dos cales tres participarán no itinerario de incubación, cinco no de aceleración e tres máis no de consolidación
- As empresas, que poden presentar as súas solicitudes ata o 19 de xullo, accederán tanto a mentores especializados do Polo Aeroespacial de Galicia como a apoio económico e ao uso das infraestruturas e servizos dos axentes do sector
- A iniciativa alíñase tanto coa Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia como coa Axenda Startups, a través da cal o Goberno galego aposta polo reforzo dun ecosistema que conxugue iniciativa empresarial e innovación

Airbus, Avincis e Telespazio, participantes no Polo Aeroespacial de Galicia, colaboran coa Xunta de Galicia na quinta edición da Business Factory Aero (BFAero), que contará con mentores tecnolóxicos tanto destas compañías como de Gradient, CTAG e das empresas do Consorcio Aeronáutico Galego. Tal e como se sinalou hoxe no Consello, o prazo de presentación de solicitudes para os interesados estará aberto desde mañá, venres, 26 de maio, ata o vindeiro 19 de xullo. A continuación, seleccionaranse un total de 11 proxectos para a súa incorporación á BFAero.

Esta edición da iniciativa impulsada pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación contará de novo con tres itinerarios adaptados á madurez comercial das iniciativas: o de incubación, cunha duración de 12 meses de duración e que acollerá ata tres proxectos; o itinerario de aceleración, con cinco prazos dispoñibles para madurar o modelo de negocio durante 8 meses, e o de consolidación, para que tres proxectos avancen na súa internacionalización e capten financiamento, con 6 meses de duración.

Nesta próxima edición da iniciativa que se desenvolve en colaboración coa Fundación CEL Iniciativas por Lugo, os proxectos seleccionados poderán acceder a axudas por parte de Axencia Galega de Innovación. Estes apoios serán de 40.000 euros no itinerario de incubación, de 60.000 euros en aceleración e de 30.000 euros en consolidación. Todos os proxectos contarán con 10.000 euros en concepto de bonos para o uso das infraestruturas e servizos singulares dos axentes galegos do sector aeroespacial, e as empresas que participen nos programas de aceleración e consolidación, ademais, poden acceder a préstamos participativos de XesGalicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A BFAero, que se enmarca dentro do Polo Aeroespacial de Galicia, busca garantir a consolidación do sector na comunidade, promovendo a captación de novos proxectos. Alíñase tanto coa Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia como coa nova Axenda Startups, a través da cal se aposta polo reforzo dun ecosistema que conxugue iniciativa empresarial e innovación configurándose, así, como un motor de reforzo da modernización e diversificación da economía de Galicia.

Forma parte do mapa de aceleradoras de carácter innovador activado pola Xunta de Galicia nos últimos anos e que inclúe as *business factories* de alimentación (BFFood), automoción (BFAuto) e saúde (BFMedicines), entre outros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CONVENIO PARA O PROXECTO DE ABASTECIMENTO DE AUGA AO PICO SAN FRANCISCO NO MONTE DE SANTA TREGA

- O obxectivo do convenio é garantir o servizo constante de auga potable sanitaria nas edificacións e servizo situados neste enclave
- Instalarase un bombeo no depósito base con tubaxe enterrada, para subir auga ao novo alxibe do pico San Francisco

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo que autoriza a subscrición do convenio de entre a Axencia Turismo de Galicia e a Comunidade de Montes Veciñais en man común de Camposancos para o proxecto de abastecemento de auga ao pico San Francisco no monte de Santa Trega, no concello da Garda, por importe total de preto de 360.000€.

O obxecto do convenio é garantir o servizo constante de auga potable sanitaria nas edificacións e servizo situados no pico San Francisco no monte de Santa Trega. Realizarse mediante a instalación dun bombeo no depósito base con tubaxe enterrada, para subir auga ao novo alxibe do pico San Francisco, onde se localizan un grupo centralizado de infraestruturas.

O trazado da tubaxe de abastecemento discorre pola ladeira sureste do Monte Santa Trega, unha parte por terreos da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Camposancos e a maior parte por camiño público, sen asfaltar, do concello da Guarda.

O Monte Santa Trega está situado no concello da Guarda. Na súa cima atópase situado o castro de Santa Trega, declarado Monumento Histórico Artístico Nacional no ano 1931, e tendo a consideración de Ben de Interese Cultural. Debido á súa importancia histórica e enclave xeográfico trátase do castro galego máis emblemático e visitado.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DISPORÁ PRETO DE 2,8 M€ PARA PROMOVER A CONCILIACIÓN A TRAVÉS DO DEPORTE NA SEGUNDA EDICIÓN DO PLAN CORRESPONSABLES

O devandito plan promove, por segundo ano consecutivo, a conciliación e a igualdade de oportunidades para mulleres e homes con fillos menores ao cargo, ao habilitar servizos de coidado profesional con actividades de animación sociodeportivas para nenos e nenas de ata 16 anos de idade

O Consello da Xunta autorizou a orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a federacións deportivas de Galicia para o desenvolvemento do Plan Corresponsables a través da realización de actividades de animación sociodeportiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 por importe de preto de 2,8 millóns de euros (2.773.095 euros). Ademais, tamén se aproba a superación da porcentaxe máxima de pagamentos anticipados ata o 80 %, polo que as entidades que se adhiran ao programa poderán afrontar o desenvolvemento do programa coa subvención concedida e sufragada.

Este plan é froito da colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade e a Secretaría Xeral para o Deporte da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes. Cómpre salientar que o Plan Corresponsables 2022 contou cun orzamento de 2,5 millóns de euros (2.539.356 euros), polo que o orzamento de 2023 supón un incremento de preto do 10 % no seu financiamento.

O devandito plan promove, por segundo ano consecutivo, a conciliación e a igualdade de oportunidades para mulleres e homes con fillos menores ao cargo, ao habilitar servizos de coidado profesional con actividades de animación sociodeportivas para nenos e nenas de ata 16 anos de idade, ao tempo que fomenta a práctica deportiva entre a poboación máis nova, achegándolle distintas modalidades e favorecendo así a convivencia e o xogo en equipo desde as idades máis temperás. Deste xeito acádase unha notable mellora na vida cotiá das familias equilibrando o tempo laboral, familiar e persoal. Estas actividades levaranse a cabo a través dos distintos programas deportivos das federacións deportivas galegas na anualidade 2023, para mellorar a vida cotiá das familias equilibrando o tempo laboral, familiar e persoal.

En 2022 participaron un total de 18 federacións deportivas de Galicia -baloncesto, balonmán, bolos, boxeo, esgrima, fútbol, halterofilia, hóckey, loita, montañismo, piragüismo, salvamento e socorrismo, squash, surf, taekwondo, tenis, triatlón e pentatlón moderno e vela- leváronse a cabo, entre xuño e novembro, un total de 2.529 actividades das distintas modalidades deportivas en 175 concellos. Participaron 17.760

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

nenos e nenas, e o desenvolvemento do plan posibilitou a articulación, a tempo parcial, de 919 contratos de monitores ou monitoras, sendo 364 as persoas contratadas. Isto supuxo unha superación sen precedentes das expectativas iniciais que implicou un aumento do 120 % en participantes e do 400 % en actividades.

Ademais, tras o éxito colleitado, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, asinou un novo convenio coas tres universidades galegas -Universidade da Coruña (UDC), a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Universidade de Vigo (UVIGO)-, para o desenvolvemento do Plan Corresponsables cun orzamento duns 585.000 euros, dos cales serán achegados pola Xunta 547.800.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCARÁ AXUDAS POR PRETO DE 770.000 € PARA APOIAR AOS CONCELLOS NO IMPULSO DE ACCIÓNS E PROXECTOS INNOVADORES FRONTE AO CAMBIO CLIMÁTICO

- Esta nova orde de subvencións publicarase no mes de xuño e poderán acollerse a ela todas as entidades locais galegas que estean adheridas ao Pacto das alcaldías polo clima e a enerxía e que xa teñan elaborado un plan de acción propio neste eido
- As actuacións subvencionables deberán orientarse a integrar o quecemento global na planificación urbanística, a previr riscos derivados do mesmo tales como secas, incendios ou inundacións, a intervir para atenuar o efecto *illa de calor*, a incrementar a biodiversidade urbana e a mellorar os corredores verdes e azuis existentes
- A contía máxima que poderán percibir os beneficiarios será de 20.000 € por concello ou de 50.000 € no caso de agrupacións de municipios ou entidades supramunicipais
- Deste xeito, búscase darlle continuidade ao traballo desenvolvido polo Goberno galego desde o ano 2018 no seu apoio aos concellos para mitigar o cambio climático, mellorar a súa resiliencia e redactar ferramentas de planificación propias neste eido

A Xunta de Galicia convocará en xuño por primeira vez unha orde de axudas para a realización e o impulso de medidas orientadas a mitigar os efectos do cambio climático a nivel local e mellorar a capacidade de adaptación dos concellos a este fenómeno. Cun orzamento global de 769.379,43 euros, este novo programa xestionado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda pretende servir de recoñecemento e apoio a aquelas entidades locais galegas que nos últimos anos deron un paso adiante neste eido ao asumir un compromiso explícito e activo para avanzar cara á neutralidade climática.

Neste sentido, para acollerse ás subvencións será requisito imprescindible que os concellos solicitantes estean adheridos xa ao Pacto das alcaldías polo clima e a enerxía —o maior movemento mundial de autoridades locais e rexionais fronte ao cambio climático— e que teñan elaborado e presentado ante a UE o correspondente Plan de acción para o clima e a enerxía sustentable (PACES), proceso para o que contaron tamén con axudas económicas da Xunta. Ademais, poderán solicitálas administracións locais de forma individual, agrupacións de concellos ou entidades de carácter supramunicipal.

Na actualidade, 285 municipios galegos están xa adheridos ao Pacto das alcaldías, unha cifra que representa máis do 91% dos concellos que hai en toda a Comunidade. Deles, 248 xa elaboraron e teñen presentados os seus respectivos PACES polo que, na práctica, serán os potenciais beneficiarios desta nova orde de incentivos.

En canto ás actuacións subvencionables, as administracións interesadas poderán presentar iniciativas e proxectos piloto de carácter innovador e que incidan en calquera das políticas locais cun impacto positivo desde o punto de vista do clima e da enerxía.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Concretamente, as accións propostas deberán orientarse á integración do cambio climático na planificación urbanística dos espazos urbanos, analizando, por exemplo, os distintos escenarios climáticos para escoller os materiais máis axeitados; á adopción de solucións naturais para previr riscos derivados do quecemento global como incendios, enchentes, secas, etc.; e á intervención sobre espazos públicos para atenuar o efecto *illas de calor*, creando zonas de sombra natural coa plantación de arborado e mobiliario que reduza a temperatura ou ben aplicando técnicas de drenaxe urbano sostibles.

Así mesmo, tamén se axudará aos concellos con medidas que repercutan no incremento da biodiversidade urbana e no coidado dos seus hábitats, aumentando as zonas destinadas a parques e arborado, apostando por xardíns verticais e tellados verdes ou creando refuxios para especies nidificantes e instalando comedeiros e caixas niño. Por último, tamén se subvencionará a restauración de tramos fluviais urbanos e zonas inundables, entre outras medidas que teñan como fin mellorar a infraestrutura verde e azul presente nestas zonas.

A contía máxima da axuda a percibir será de 20.000 euros por concello aínda que este importe se incrementará ata os 50.000 euros no caso de que o beneficiario sexa unha agrupación de municipios ou unha entidade supramunicipal. Ademais, o período subvencionable abranguerá do 1 de xaneiro deste ano ata o 30 de xuño de 2024.

Coordinadora do Pacto en Galicia

Esta nova orde de axudas enmárcase no traballo que vén desenvolvendo a Xunta nos últimos anos en materia de loita contra o cambio climático e, máis concretamente, como coordinadora do Pacto das alcaldías para o clima e a enerxía en Galicia, papel que asumiu oficialmente en 2018 e que recibiu un pulo definitivo ao ano seguinte coa posta en marcha da Oficina técnica encargada de asesorar e informar aos concellos asinantes. De feito, desde que o Goberno galego asumiu o liderado desta iniciativa na Comunidade, máis de 260 municipios se sumaron ao pacto, dándolle así un pulo definitivo.

Ademais, Galicia aprobou en 2019 a Estratexia de cambio climático e enerxía 2050 como a folla de ruta a seguir para acadar a neutralidade climática; hai un ano puxo en marcha a Alianza galega polo clima co fin de facilitar o traballo en rede e a colaboración público-privada neste eido; e se segue traballando na tramitación da futura lei galega que regulará esta materia e completará o marco normativo autonómico.

Deste xeito, o que se busca agora é darlle continuidade a todo ese traballo e apoiar economicamente ás entidades locais máis comprometidas á hora de poñer en práctica accións para mitigar o cambio climático, mellorar a súa resiliencia ante o impacto que xa está a provocar e redactar ferramentas propias de planificación a nivel local.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INXECTA MÁIS DE 2,4 M€ PARA QUE OS INVESTIGADORES POSDOUTORAIS AFIANCEN A SÚA TRAXECTORIA CIENTÍFICA

- O presidente subliña que o obxectivo é que estes profesionais completen a súa formación e “poidan establecer unha liña de investigación propia”
- Explica que se impulsará a contratación de 23 investigadores por un período de dous anos e 49.000€/ano
- Poderán beneficiarse das achegas para contratar tanto as universidades coma as fundacións sanitarias públicas ou os centros do CSIC en Galicia
- Enmárcanse na aposta do Goberno galego por favorecer a carreira científica e o desenvolvemento dun sistema galego de investigación forte especializado

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello autorizou destinar 2,4 millóns de euros a unha nova convocatoria de axudas para impulsar a contratación de 23 investigadores na fase posdoutoral. “O obxectivo é que, unha vez rematado o doutoramento, poidan mellorar a súa formación e establecer unha liña de investigación propia”, indicou.

Rueda explicou que destas axudas beneficianse as universidades públicas galegas, os organismos públicos de investigación de Galicia, as fundacións de investigación sanitaria e os centros do Consello Superior de Investigacións Científicas radicados en Galicia que contraten persoas tituladas superiores para completar a etapa de formación posdoutoral. En concreto, na convocatoria hoxe autorizada polo Consello haberá 20 axudas para contratos nas universidades e outras tres para a contratación no resto de entidades.

Dous anos de contrato

O presidente resaltou que “serán contratos de dous anos de duración por un montante de 49.000 € por ano”. O obxectivo é dar continuidade á carreira investigadora destas persoas, posibilitando un perfeccionamento na súa formación e o establecemento dunha liña de investigación propia que lles permita, nun futuro, consolidar a súa traxectoria.

O importe das axudas nesta modalidade destinarase a pagamento dos contratos, pero tamén a que poñan en marcha unha liña de investigación propia. Entre os gastos considerados elixibles, asociados á creación dunha liña de investigación propia, están a compra de pequeno equipamento inventariable e material funxible ou material bibliográfico, a contratación de persoal investigador ou auxiliar ou os gastos derivados

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

do uso de ferramentas de xestión do coñecemento e a información, tales como aplicacións informáticas, bases de datos, entre outros.

Ao igual que na pasada convocatoria -segundo a Lei 13/2021 en materia de igualdade- nesta tamén se manteñen os mecanismos correctores e obxectivos no sistema de puntuacións para evitar a discriminación ou penalización de mulleres e homes en casos de maternidade, paternidade, garda con fins de adopción ou acollemento, risco durante o embarazo e/ou lactación e incapacidade temporal asociada ao embarazo ou por razóns de violencia de xénero ou calquera tipo de acoso.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ PRETO DE 80 M€ EN BOMBAS DE INSULINA E SISTEMAS DE MONITORIZACIÓN DE GLICOSA QUE SUPOÑEN UN AVANCE NO CONTROL DA DIABETES E MELLORAN A CALIDADE DE VIDA DOS PACIENTES

- Trátase da primeira contratación centralizada do Servizo Galego de Saúde deste tipo de material de forma conxunta, o que suporá un aforro estimado de 1.718.819 euros/ano
- A utilización dos sensores implica que os pacientes deixarán de usar en gran parte as tiras reactivas de glicemia e as lancetas que veñen utilizando actualmente

A Xunta de Galicia autorizou o expediente de contratación da subministración sucesiva de equipamentos para bombas de insulina e de sistemas de monitorización de glicosa mediante sensores con destino ás áreas sanitarias do Sergas, por un importe total de 32.474.140 €, para os dous vindeiros anos, e un valor estimado, coas posibles prórrogas doutros tres anos, de 79.709.252 €. Mediante esta contratación, preténdese dispor dos equipamentos para bombas de administración de insulina e sistemas de monitorización de glicosa necesarios para o control dos pacientes diabéticos de Galicia. Os sistemas de monitorización de glicosa que se están a licitar supoñen un avance no control da enfermidade e unha mellora na calidade de vida dos pacientes.

No obxecto do contrato está incluída a subministración domiciliaria de bombas de insulina, sensores e dispositivos receptores da información, así como a súa reposición en caso de avaría; a posta ao dispor de bombas de infusión; a asistencia técnica 24 horas/365 días ano; a formación continuada para os profesionais do Sergas e para os pacientes; e, ademais, a Integración informática coa historia clínica electrónica.

Cómpre remarcar que se trata da primeira contratación centralizada do Sergas deste tipo de material, de forma conxunta. Con esta contratación, o Executivo galego garante a máxima homoxeneización de produtos e procedementos que aseguren a maior calidade e equidade na atención dos nosos usuarios. O obxectivo final nesta contratación é unha redución media dos prezos actuais de compra dun 10 %, o que suporá un aforro estimado de 1.718.819 euros/ano.

A utilización dos sensores implica que se realizarán menos puncións para a determinación de glicemia capilar e, por tanto, reducirase o consumo de tiras reactivas, o que redundará nun mellor control glicémico dos pacientes. Os pacientes destinatarios destes sistemas, previo ao uso, recibirán unha instrución estandarizada sobre o dispositivo que será facilitada

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

polo persoal sanitario (pediatra, endócrino e/ou enfermeiro) da unidade do Sergas onde se prescriba.

Os equipamentos subministrados no concurso deberán conectarse coa plataforma de telemonitorización do Sergas. A información que xeran estes dispositivos consolidarase na historia clínica electrónica, permitindo alertar os profesionais dos eventos relevantes que poidan suceder e facendo accesible a información en calquera dos niveis asistenciais. Isto permitirá unha abordaxe proactiva e preventiva da xestión da enfermidade.

Actualmente, o Sergas xa dispón dun conxunto importante de dispositivos de seguimento da diabetes conectados coa historia clínica electrónica, e máis de 1.000 cidadáns están empezando a ser telemonitorizados a través deste modelo integrado de atención na área da Coruña. Ademais, o Sergas está a despregar neste mes una APP específica de seguimento da diabetes, que permite ao paciente rexistrar o resto de información relevante asociada á súa enfermidade como é a alimentación ou a actividade física que realiza. Este modelo estenderase despois do verán ao resto das áreas de saúde.

Mellora da calidade de vida das persoas diabéticas

Coa finalidade de reducir o impacto en morbimortalidade e mellorar a calidade de vida das persoas con diabetes, o Sergas estableceu unha serie de liñas de actuación entre as que se atopa a incorporación de tecnoloxías avanzadas no control desta enfermidade.

Nos últimos anos, desenvolvéronse diferentes dispositivos que permiten tanto administrar insulina de forma automática ao paciente (bombas de insulina) como a medición da glicosa intersticial a través de sensores minimamente invasivos e que estiman, con alto grao de exactitude, os niveis de glicemia tradicionalmente medidos a través da determinación da glicosa capilar, obtida mediante punción dixital.

A inclusión destes dispositivos na carteira común de servizos do Sistema Nacional de Saúde (SNS) permite o financiamento público destes aos pacientes que o necesitan, segundo as indicacións dos endocrinólogos/pediatras hospitalarios.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE 34 M€ EN REACTIVOS DE LABORATORIO PARA A ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO E BARBANZA

A Xunta de Galicia autorizou un gasto de 34.058.350 euros para a compra de reactivos de laboratorio destinados á área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, para o período 2023-2027. Sinalar, así mesmo, que forma parte do obxecto do contrato, a cesión de todo o equipamento e instrumentación principal necesario para a realización das técnicas analíticas.

Mediante esta contratación preténdese garantir a realización das probas analíticas e a obtención de resultados para todo o ámbito territorial desta área sanitaria nos diferentes laboratorios localizados nos seus hospitais, que faciliten as actuacións de prevención, seguimento, diagnóstico, e hospitalización, as cales están directamente relacionadas coa finalidade principal da área, que é a prestación de actividades e servizos sanitarios, tanto de atención especializada como atención primaria, precisos para garantir a promoción da saúde, a prevención da enfermidade, a asistencia sanitaria e a rehabilitación.

Estímase que a actividade do laboratorio intervén no 70% das decisións clínicas, o que xustifica e debe de quedar garantida a necesidade de que a actividade se realice nun contexto de calidade dos procedementos analíticos e da información obtida.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PLAN INSPIRA SAÚDE 2023-2027 DE ACTUACIÓN MULTIDISCIPLINAR CONTRA O TABAQUISMO

Os dous obxectivos principais do plan son acadar a diminución progresiva da prevalencia do consumo de tabaco diario na poboación adulta, ata chegar a unha prevalencia do 15 % no ano 2027, e a redución da prevalencia do consumo por parte dos adolescentes por baixo do 5 %

A Xunta de Galicia aprobou, na súa reunión semanal, o Plan Inspira Saúde en Galicia 2023-2027. Trátase dun Plan galego de actuación multidisciplinar en tabaquismo, que busca eliminar o tabaquismo como problema de saúde pública na nosa comunidade, o que suporá a redución da morbilidade e mortalidade polas enfermidades máis comúns asociados ao consumo de tabaco e dispositivos susceptibles de liberación de nicotina.

Este plan, elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade, ten como meta a mellora da calidade de vida dos galegos e galegas adoptando unha vida sen tabaco, o que previrá múltiples enfermidades que son consecuencia directa do consumo desta substancia, como son as respiratorias ou algúns tipos de cancro, principalmente o de pulmón.

Os dous obxectivos principais a acadar con esta iniciativa son a diminución progresiva da prevalencia de consumo de tabaco diario na poboación adulta ata chegar a un 15 % no ano 2027, e a redución da prevalencia do consumo de tabaco diario na poboación adolescente por baixo do 5 % ao final do período de execución do plan.

Cómpre remarcar que existe evidencia científica o suficientemente contrastada para afirmar que o tabaquismo é definitivamente a causa principal do cancro de pulmón. Arredor do 80 % das mortes por esta patoloxía son causadas polo consumo de tabaco, e moitas das restantes son causa da exposición ao fume do tabaco e produtos relacionados. Por este motivo, o tabaquismo considérase un problema grave de saúde pública sobre o que se deben tomar medidas integrais e de carácter multidisciplinar.

Cinco liñas estratéxicas

O plan estrutúrase en cinco liñas estratéxicas, e dentro de cada unha delas defínense os obxectivos que se pretenden conseguir e as accións que se van executar co propósito de acadar unha Galicia sen tabaco e produtos relacionados.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A primeira liña busca unha xeración futura libre de fume, con accións para evitar que os adolescentes se inicien no consumo de tabaco mediante programas de prevención, evitando a exposición pasiva ao fume de tabaco, reforzando a vixilancia do cumprimento da lexislación e sensibilizando as persoas que actúan como figura modélica para este colectivo.

A segunda liña estratéxica vai dirixida a reducir a prevalencia de consumo de tabaco, con medidas de apoio no proceso de cesación e con accións dirixidas á poboación xeral e a colectivos específicos como as persoas con patoloxías relacionadas co tabaco, a adolescencia, o persoal sanitario e educativo. Ademais, desenvolveranse accións para mellorar o seguimento do proceso de cesación e definir intervencións en toda a xeografía galega.

Na terceira liña traballarase na detección precoz das enfermidades provocadas polo consumo de tabaco, poñendo especial atención no cancro de pulmón e outros cancros, a enfermidade pulmonar obstrutiva crónica (EPOC) e as enfermidades cardiovasculares.

A liña estratéxica catro relaciónase coa vixilancia epidemiolóxica co obxectivo de mellorar a recollida da información relacionada co consumo e co seguimento do consumo de tabaco e dispositivos susceptibles de liberación de nicotina e, tamén, para obter un perfil epidemiolóxico que defina os determinantes sociais que se relacionan cun alto risco de padecer enfermidades relacionadas co tabaquismo.

Finalmente, a quinta liña estratéxica busca a formación continua de todas as persoas implicadas neste plan e a investigación e innovación co apoio da Escola Galega de Saúde Pública.

Consumos

Cómpre remarcar que o plan hoxe aprobado fórmulase como un proceso dinámico de avaliación e seguimento continuo para mellorar e adaptar as accións tendo en conta os resultados obtidos e a nova evidencia científica dispoñible.

Hai que sinalar, así mesmo, que en Galicia, segundo o Sistema de Información sobre Condutas de Risco, no ano 2021 fumaba o 20,8 % da poboación con 16 e máis anos. O consumo foi máis elevado nos homes (23 %) que nas mulleres (18,9 %); e nas persoas de 25 a 44 anos (27,5 %) que nos outros grupos de idade. Así mesmo, a prevalencia de persoas que fuman a diario foi do 16 % na poboación con 16 e máis anos, chegando a un 21 % no grupo de idade entre 25 e 44 anos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

[O Consello da Xunta analiza o informe sobre o decreto de prezos públicos por servizos académicos que se aprobará o próximo mes de xuño](#)

RUEDA AVANZA QUE A XUNTA CONXELARÁ POR DÉCIMO TERCEIRO ANO CONSECUTIVO OS PREZOS DAS MATRÍCULAS UNIVERSITARIAS

- Destacou que o vindeiro curso os estudantes galegos van pagar polas taxas universitarias “o mesmo que se pagaba no 2011”
- Os prezos medios de todas as matrículas sitúanse en 11,89 €/crédito, exactamente igual que ata o de agora
- Resalta que isto supón un aforro de “entre 16 e 20 millóns de euros” ás familias galegas cada ano
- Subliña que Galicia foi pioneira nesta política de contención das taxas universitarias que agora replican outras comunidades

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que Galicia vai manter conxelados os prezos das matrículas universitarias cara o vindeiro curso académico 2023-2024, o que supón continuar coa política de contención de taxas que o Goberno galego leva aplicando desde hai 13 anos. Isto, asegurou, sitúa un ano máis a Galicia como a comunidade cas taxas universitarias máis baixas do país.

Rueda resaltou que Galicia foi pioneira na conxelación dos prezos universitarios hai máis dunha década e en apostar por un modelo que agora están a replicar outras comunidades. “Hai trece anos que os prezos de matrícula son exactamente os mesmos. É dicir, os estudantes galegos pagan de taxas universitarias o mesmo que pagaban no ano 2011”, destacou o presidente.

O Consello avaliou hoxe un informe sobre o proxecto decreto polo que se fixarán os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos no Sistema Universitario de Galicia para o vindeiro curso. Nel establécese que, por décimo terceiro ano consecutivo, os prezos das matrículas universitarias para graos ou másteres nas tres universidades públicas galegas vanse manter conxelados, “o que supón un aforro de entre 16 e 20 millóns anuais para as familias galegas”, segundo subliñou o presidente. Rueda indicou que, desde 2011, o aforro acadado aos fogares galegos ascende “a 230 millóns de euros”.

As taxas universitarias mantéñense invariables, cun prezo medio de 11,89 €/crédito para todas as primeiras matrículas de grao e de máster non habilitantes (enfocados á

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

especialización de coñecemento ou á investigación científica) e habilitantes (necesarios para exercer unha profesión). Isto fai que Galicia sexa a comunidade máis barata do Estado nos estudos de máster non habilitante e a segunda no caso dos graos e de máster habilitante (tan só superada por Canarias a moi pouca distancia).

Esta medida supón un aforro de preto de 16 millóns de euros en matrículas para as familias galegas con estudantes universitarios, en contías que van de entre os 215,40 €/curso de aforro para un estudante de grao, os 236,40€/curso para un estudante dun máster habilitante e os 962,40 €/curso no resto de máster universitarios.

Matrículas de grao

No caso das matrículas de grao, o prezo medio manterase por décimo terceiro ano consecutivo en 11,89 €/crédito, o que supón un aforro de 3,59 euros con respecto aos 15,48 €/crédito de media de España, o que sitúa a Galicia como a segunda comunidade máis barata tras Canarias.

As de grao acaparan o 88 % do total de matrículas do Sistema Universitario Galego, polo que, con esta conxelación de taxas, un estudante galego de grao pode aforrar, con respecto á media de España, un total de 215,40 euros ao curso en matrículas.

Matrículas de máster

No que atinxe aos másteres, de cara ao vindeiro curso mantéñense conxeladas de novo as taxas dos másteres habilitantes e non habilitantes, tamén cun prezo medio de 11,89€/crédito.

No caso dos másteres habilitantes (necesarios para exercer unha profesión), Galicia ocupa o segundo lugar con prezos máis baratos tras Canarias. A taxa media de matrícula para estes estudos mantense nos 11,89€/crédito (igual que os de grao e máster non habilitante), cun aforro de 3,94 € con respecto ao prezo medio do Estado, que se sitúa nos 15,83 €/crédito. Isto fai que as familias galegas cuxos fillos cursen o vindeiro ano un máster habilitante nalgunha das universidades públicas galegas aforren unha media de 236,40 euros por curso en comparación coa media de España. As matrículas nesta modalidade representan o 4 % do conxunto do sistema.

No caso dos másteres non habilitantes, Galicia é a comunidade máis económica, cun prezo medio de 11,89€/crédito, polo que o aforro medio para o vindeiro ano para un estudante galego será de 16,04€/crédito con respecto á media estatal (situada en 27,93€/crédito), o que sumará un aforro por alumno de 962,40€/ano. O alumnado que cursa este tipo de máster non habilitantes representa o 7,76 % do sistema.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA 60 CONTRATOS ESTABLES POR TRES ANOS A PERSOAL RESIDENTE QUE REMATA A SÚA FORMACIÓN PARA GARANTIR REMUDA XERACIONAL DE MÉDICOS ESPECIALISTAS

- Avanza que estarán repartidos en 23 especialidades e nas sete áreas sanitarias
- Do total de contratos, 9 son para a área sanitaria da Coruña e Cee; 7 para a de Ferrol; 9 para a de Santiago de Compostela e Barbanza; 9 para a de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos; 9 para a de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras; 8 para a de Pontevedra e O Salnés, e 9 para a de Vigo
- Recorda que esta oferta ao persoal residente en formación de ámbito hospitalario complétase coa oferta de 197 prazas de concurso de méritos de especialistas para cobertura de hospitais comarcais e tamén de saúde mental

O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que a Xunta vai ofertar 60 contratos estables por tres anos de duración ao persoal residente en formación (MIR, FIR, PIR), que finaliza en maio a súa formación. Segundo salientou, a través deste “novidoso” programa garántase a remuda xeracional de médicos especialistas nos hospitais galegos, xa que estes novos contratos serán repartidos en 23 especialidades e nas sete áreas sanitarias.

O mandatario galego defendeu esta iniciativa —autorizada hoxe no Consello da Xunta— ante a situación “complicada” que se prevé para 2027, xa que, segundo as estimacións, ata esa data e cada ano, 60 facultativos de hospital alcanzarán a idade máxima para xubilarse, situada en 70 anos, “e isto prodúcese no actual contexto de déficit de profesionais”, advertiu. Por este motivo, considerou de “grande importancia” estes novos contratos para 60 residentes de medicina, farmacia e psicoloxía. “Queremos prever esta situación, adiantarnos e buscar solucións”, argumentou con respecto a esta medida.

Rueda explicou que aos candidatos para esta oferta laboral se lles vai baremar tendo en conta, entre outros aspectos, as cualificacións de formación universitaria e a avaliación final do período de residencia. Ademais, puxo en valor que estes profesionais adquiriran experiencia cos mesmos compañeiros que se van xubilar e aos que se prevé que vaian substituír nos vindeiros anos co obxectivo, sempre que sexa posible, de que a persoa residente continúe na mesma área na que traballaba ata agora.

Dos 60 contratos, 9 son para a área sanitaria da Coruña e Cee; 7 para a de Ferrol; 9 para a de Santiago de Compostela e Barbanza; 9 para a de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos; 9 para a de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras; 8 para a de Pontevedra e O Salnés, e 9 para a de Vigo

Programa que terá continuidade en vindeiros anos

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Rueda precisou que esta iniciativa é un programa inicial de remuda xeracional correspondente a este ano, xa que logo da súa avaliación, virá seguido no 2024 e anos seguintes de programas semellantes dirixidos a promover a pretendida remuda xeracional e a continuidade asistencial nas áreas que contan con persoal especializado.

Ademais, aclarou que este contrato é compatible co sistema ordinario de cobertura de vacantes por listas, que seguirá funcionando igual para chamar a profesionais ante baixas por xubilación ou outras cuestións, e lembrou que este plan se suma á oferta de 197 prazas de concursos de méritos para especialistas en hospitais comarcais e áreas de saúde mental, que saíu hoxe publicada no DOG.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A LICITACIÓN POR 1,2 M€ DAS OBRAS DE REFORMA E AMPLIACIÓN DO SERVIZO DE URXENCIAS DO HOSPITAL DE CEE

- As obras de mellora levaranse a cabo en case 400 dos 700 metros cadrados de superficie cos que conta este servizo do Hospital Virxe da Xunqueira e o seu prazo de execución será de 5 meses
- A modificación do control de Enfermaría, a definición dun circuíto permanente para pacientes respiratorios, a construción de 5 novos boxes para pacientes illados, ou a mellora das zonas de descanso dos profesionais sanitarios son algunhas das actuacións previstas

O Consello da Xunta abordou esta mañá, na súa xuntanza semanal, un informe da Consellería de Sanidade sobre o contrato das obras de reforma e ampliación da área de Urxencias do Hospital Virxe da Xunqueira de Cee. Esta actuación contará cun importe de licitación de 1,2 millóns de euros, e permitirá optimizar a atención hospitalaria dun distrito sanitario cuxa poboación de referencia supera as 36.000 persoas.

As obras de reforma incidirán en máis da metade da superficie total con que contan os servizos de Urxencias do Hospital de Cee, levándose a cabo en 395, dos 700 metros cadrados que abrangue. Así, o prazo de execución destas estenderanse durante 5 meses.

Entre os traballos previstos considérase a modificación do control de Enfermaría, que se situará no espazo central e dará lugar a dúas zonas principais: unha zona cun circuíto específico permanente e independente para a atención e illamento diferenciado das persoas con patoloxías respiratorias, e outra, destinada á atención dos pacientes con patoloxías non-respiratorias.

Así mesmo, unha vez finalizadas as obras, a área de Urxencias do Hospital Virxe da Xunqueira contará con 5 novos boxes -todos eles preparados para o illamento de pacientes, de ser preciso-, e que se engaden aos 8 xa existentes (7 de observación e o único ata o de agora existente para pacientes illados), completando un total de 13 dependencias.

Máis polo miúdo, a súa distribución implicará que a zona de respiratorios -situada na antiga área de diálise-, sexa demolida para acoller 6 novos boxes para pacientes illados e, no que atinxe á zona de non respiratorios, a consulta e un dos boxes serán unificada para dar lugar a unha estancia dotada con 3 camas, ademais de manter os 6 boxes existentes.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, na actual zona de espera reformaranse os aseos públicos e na zona intermedia e corredor de urxencias situarase o novo despacho e a sala de informes, ademais das zonas de descanso para o persoal sanitario.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

